

# O DEMO FUNGÓN

Abrindo novos vieiros

Nestas circunstancias incorpórase María Xosé López, como gaiteira, zanfonista e percusionista, e o grupo transfórmase unha vez máis. Pero desta volta con máis calado. Sendo todos multi-instrumentistas posibilitan unha maior combinatoria, co emprego de tódolos recursos utilizados ate entón. E, por riba, engádeselle un recurso máis aínda non explorado publicamente por Muxicas: a voz. Aínda tendo realizado tímidos intentos en formacións previas, o certo é que ate esta formación non se decide o emprego da voz coma un elemento máis. O peso lévao María Xosé pero baixo a súa cobertura tanto Liño coma Xosé Manuel fan os seus primeiros achegamentos vogais. Foi unha época chea de contrastes. Á xente disfrutaba moito co noso espectáculo musical. Cónstanos. Pero ó tempo era esgotador. Anda que non corríamos polo escenario. Entre os tres tocábase de todo, mesmo nun mesmo tema. Era esgotador pero moi divertido.



*E cando dicimos que todos tocamos de todo é que todos tocamos de todo.*

Aínda que houbo moitos seguidores de Muxicas que intentaron facer paralelismos co noso pasado inmediato, e nos dicían que non sempre o conseguían, nós sempre defendemos que a nosa liña evolutiva foi constante. É doado atopar as coincidencias, conexións e continuidades entre o primeiro disco e o segundo, entre o segundo e o terceiro, entre o terceiro e o cuarto, etc. Moitos dos temas podémoslos cambiar de disco, de época, e non se apreciaría gran contraste. O primeiro disco é a nosa imaxe máis froito da herdanza dos que nos precederon. Pero xa atopamos temas novos, innovadores, con toques e montaxes nunca escoitadas. O segundo, o dobre, apoíase no primeiro, pero xa se ven claramente definidas as liñas a seguir: temas como a “Michuca”, “Leticias da Vila Ortégán”, a “Muiñeira de Coia” ou a tan celebrada “Barroca” son temas que poderíamos atopar sen sobresaltos no terceiro disco “O Demo Fungón”. E así poderíamos seguir encadeando disco tras disco. E os discos están aí para seren escoitados. Cada un deles único e con maior ou menor fortuna, pero consecuentes cos seus antecedentes.

## MUXICAS



### COMPOÑENTES:

GAITAS, BOMBO, PITO, PANDEIRO E FERRIÑOS: Liño

GAITAS, PANDERETA, REQUINTA, TAMBORIL E PITO: Xosé Manuel.

ZANFONA, GAITAS, TARRAÑOLAS, PANDERETA: María Xosé.

Levan máis de dez anos traballando coa música galega. Ó longo dese tempo pasan por distintos modos interpretativos.

Nun principio trataron de consolidar unha formación ó estilo dos vellos grupos. O froito deste traballo queda refrexado no seu primeiro disco "Parolada". O seguinte paso foi a búsqueda das esencias perdidas ó traveso dos tempos. Nun dobre album recollese todo isto en vinte e catro temas.

Eles continúan a búsqueda; xa teñen un novo traballo discográfico preparado cos novos e os vellos esquemas no que se misturan zanfonas e voces, gaitas e requintas, a forza das percusións e a dozura das melodías.

Entre as súas actuacións destacamos: Recital en Valladares (Vigo 1981), Participación nas "1.ª Xornadas de Música Tradicional" (Vigo 1982), "I e II Festival - Certame de Música Galega en Barcelona" (1983, 1984), "I Certamen de Grupos e Bandas de Gaiteros Xóvenes" (vila das Pontes, 1985), "VIII Festival Celta" (Vigo 1985), "Homenaxe o Gaitero de Soutelo" (Santiago 1986)...

*Programa das Festas do Cristo, de O Porriño, do ano 1987.*

Mudáramos de formación, de número de compoñentes e tamén de aspecto escénico. E este último detalle debémosllo a Antón Rodríguez, do grupo "Na Lúa", que nos comentou que deberíamos dar unha imaxe distinta, máis preta no tempo. Así que decidimos trocar os nosos traxes masculinos do século XVIII por unha imaxe máis de principios do XX.

A muller de Liño, Tina Cabezas magnífica costureira como xa demostrara confeccionando os traxes de Liño e máis de Xosé A. Failde así como numerosas camisas tradicionais e fundas para gaitas, fíxonos uns pantalóns de principios do século XX, a imaxe dun que nos prestou o actor Avelino González que atopara nun vello arcón na súa casa.



*Coa saída de Rin-Rin do grupo, é necesario trasladar o local de ensaio. Á casa de Liño Figueroa, en Valadares, é o destino que se convirte no fogar do terceiro disco de Muxicas: "O Demo Fungón"*

Este ano de 1987, e de novo da man dos amigos de Na Lúa, recibimos un encargo peculiar, por non esperado. Íase rodar unha película longa metraje en Galicia, unha coprodución hispano-cubana, e Pablo Milanés vai ser o encargado da música da película. Pediu asesoramento para a música a desenrolar en Galicia e nas escenas dos bailes galegos en Cuba ós seus amigos de Na Lúa e estes lle comentaron que Muxicas podería ser o grupo que buscaba. Así que nos reunimos, explicounos o que necesitaba, presentámoslle un borrador do que nós pensamos era adecuado e delegou en nós, indicándolle ós produtores da película que a partires dese momento o que nós decidíramos sería o que se faría.



Foi unha grande responsabilidade. Non obstante, o entusiasmo en ausencia de sentido común leva a facer cousas imposibles. (E levamos xa dúas). Seleccionamos os temas que íamos gravar para a película en base a criterios historicistas e un tema, a maiores, que representara o fondo desacougo dos que, obrigados pola miseria, tiñan de desarraigarse da nosa patria, dos nosos ríos, dos nosos montes. E aí que volve a aparecer a Michuca que xa graváramos no Dobre Álbum, pero nunha versión distinta.

Para gravar os temas que soan na película, dado que eramos tres e íamos aparecer en escenas que non se sabía se estarían na montaxe final, solicitamos colaboración ó sogro de Liño, Basilio Cabezas, estupendo músico afeccionado e tamborileiro ocasional. Ó cabo na película so se escoita a música nas festas, gravada para a película por nós, e hai unha fugaz aparición de Xosé Manuel tocando a “Michuca” no barco que zarpa cara a Cuba.



*Xosé Manuel Fernández caracterizado para a película Gallego*

Desta época é unha entrañable carta que recibimos de D. Saturnino Beceiro Couce, autor do “Vals romántico” que gravamos no ano 1986, onde nos agradece o traballo realizado co seu tema e nos envía a partitura dun pasodobre, que nos adica. Podédelo atopar na sección de partituras de esta web.

Na temporada de 1988 reforzamos o grupo coa participación de colaboradores. Amigos que nos complementaron e permitiron poñer en escena concertos e espectáculos que doutro xeito serían imposibles. Foron moitos ó longo dos anos, realmente moitos. E de seguro que vou deixar a algúns no tinteiro. Pero o noso agradecemento foi e é profundo e sincero: Marcial, Chuco, Toniño, Agustín, Xosé María, Santi, Javito, Budiño, Peixoto, ...



*Xosé Manuel, Liño, María Xosé, Toniño e Chuco no Venres Show, da telegaita.*



*Marcial e Toniño preparándose para un concerto en Lalin con Muxicas*